

# Un libro recupera a figura do galeguista Xosé Lois Parente

**MEMORIA** ▶ Santiago Prol é o autor dunha achega biográfica ao autor vangardista e de conviccións fundamente católicas ▶ Maceda acolleu a presentación do volume

REDACCIÓN • SANTIAGO

Para sacar do esquecemento o poeta ourensán Xosé Lois Parente, o docente e investigador Santiago Prol presentou onte na Torre da homenaxe do castelo de Maceda un libro sobre a vida e a obra deste autor vangardista que compartiu mitíns con Otero Pedrayo ou Alexandre Bóveda.

Baixo o título *Xosé Lois Parente, poeta e galeguista na II República*, o autor descobre a súa obra poética en galego, da que fai unha escolma, e en castelán. Como gran coñecedor da literatura galaico-portuguesa medieval, "o peso da tradición galaica e provenzal remanece nel" recolle o libro, no que o investigador compila dezaseis composicións de *Con Prisma Azul* (La Región, 1933) xunto con outros

poemas que recuperou Prol. A exaltación patriótica, as paisaxes, o amor e o fantástico eran algunhas das temáticas nos versos de Parente.

"A mágoa foi que non publicase outro volume na lingua galega que tan vehementemente defendeu na etapa republicana", afirma Prol na publicación, que tamén inclúe algúns exemplos da súa produción en castelán que se centrou en versos "con connotacións nididamente relixiosas, ensarilladas con acenos de corte amoroso" que deixaban ver "a súa militancia católica" explica o autor.

O resto da súa obra achégase ao mundo urbano, "onde a muller semella conformarse como tema central", feito polo que

dedicou versos "a bastantes damas" como Pilar Doménech, María Romero de Torres ou Maruxa París...

Aínda que intensificou a súa creatividade en galego coa chegada da II República, Parente pasou "á historia da nosa literatura como un discreto autor que Carballo Calero incluíu na Xera-

## O DATO

### Con Otero e Bóveda

▶ En 1934 compartiu mitíns con Otero Pedrayo, Alexandre Bóveda e Alonso Ríos, e este posicionamento galeguista obrigouno a trasladarse despois de 1936 a Zaragoza ■

ción do Seminario ou que Álvaro Casas inxeriu na corrente do Vangardismo" comenta Prol quen relata no libro como dende finais de 1935 "perdémoslle a pista á súa creatividade poética er galego. Algún que outro poema en castelán no contexto da pre guerra e da guerra e logo a miseria ambiental, intelectual e moral dos anos 40".

## Columnista en Ourense

Dende 1931 colaborou en Heraldo de Galicia e traballou como columnista político-ideolóxico na prensa ourensá. Neste semanario e no boletín mensual *Nó*: foi publicando os seus poemas.

En canto á súa actividade política, foi un activo militante da corrente conservadora do Partido Galeguista. Despois de que o PG acordara a neutralidade relixiosa, a dereita galeguista fixo público en Pontevedra o seu programa cun apartado específico sobre relixiosidade. A esta escisión uniuse o grupo de Ourense con Risco, Xosé Lois Parente e oito irmáns máis que asinarían un manifesto. Catro meses despois colaborarían na campaña do plebiscito estatutario cun sesgo tradicionalista e confesional.